

Linorsa despide unha delegada do comité da limpeza dos colexios públicos vigueses



[1]

Linorsa despediu unha delegada do comité do centro de traballo da limpeza dos colexios públicos de Vigo, nun caso claro de persecución sindical e de conculcación de dereitos fundamentais. A compañeira represaliada participou de maneira activa na folga desenvolvida para reclamar a ampliación da xornada. A Federación anuncia mobilizacións e insta o Concello a que medie coa empresa para conseguir a readmisión. 02/8/11.

A compañía acusa a empregada de ter insultado unha compañeira, extremo completamente falso. A carta de despedimento contén datos que non se corresponden coa realidade. “Non entendemos por que din que a suposta lea se produciu en marzo, cando o único que houbo foi un pequeno incidente no mes de novembro”, explica Tránsito Fernández, secretaria comarcal da Federación.

Non é casual que a traballadora que denunciou ter recibido os supostos insultos sexa a mesma que a empresa contratou de xeito indefinido o pasado mes de xuño. “Fixéronlle un contrato de 22 horas e media, máis do que figura no acordo coa empresa, de costas ao comité”, critica Fernández. Por outra banda, a compañeira despedida non tivo ningún tipo de incidente nin sanción durante os máis de 15 anos que leva na compañía.

Comité e CIG-Servizos manterán xuntanzas cos tres grupos políticos presentes no Concello. As representantes das traballadoras aseguran que contan no seu poder con cartas de directores de centros educativos nas que lle recriminan á empresa ter apartado do seu labor a outras operarias que tamén participaron na folga.

Novas relacionadas: [Atinxido un acordo no conflito da limpeza dos colexios públicos vigueses](#) [2]

[CIG-Servizos renova a maioría absoluta na limpeza dos colexios públicos de Vigo](#) [3]

[Desconvocada a folga na limpeza dos colexios públicos de Vigo](#) [4]

[Centos de persoas apoian nunha marcha a loita da limpeza dos colexios vigueses](#) [5]

[Convocada folga indefinida na limpeza dos colexios públicos de Vigo](#) [6]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] <http://www.cigservizos.org/nova/2011.02.28/atinxido-un-acordo-no-conflito-da-limpeza-dos-colexios-p%C3%BAblicos-vigueses>

[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2011.02.14/cig-servizos-renova-maior%C3%AD-absoluta-na-limpeza-dos-colexios-p%C3%BAblicos-de-vigo>

[4] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.12.11/desconvocada-folga-na-limpeza-dos-colexios-p%C3%BAblicos-de-vigo>

[5] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.12.06/centos-de-persoas-apoian-nunha-marcha-loita-da-limpeza-dos-colexios-vigueses>

[6] <http://www.cigservizos.org/nova/2010.11.04/convocada-folga-indefinida-na-limpeza-dos-colexios-p%C3%BAblicos-de-vigo>

